



federación do ensino

Sección Sindical da Universidade Vigo

Vigo 17 de decembro de 2002

Sr. Xerente.

Como xa vostede sabe nas últimas semanas estase a incorporar, a través do programa Labora, novo persoal que está a desenvolver o seu traballo en áreas ou servizos da Universidade de Vigo.

Mantendo a nosa posición crítica co acordo asinado entre a Consellería de Familia e a Universidade de Vigo e coa utilización que se está a facer de el, non podemos obviar que, malia todo, este persoal está a desempeñar diversas funcións dentro da institución, e que son traballadores e traballadoras con dereitos.

Os contratos que están a asinar estipulan unhas condicións laborais moi distintas as que temos o persoal encadrado nas relacións de postos de traballo. A nós parécenos, por exemplo, inadmisíbel que a esta xente, contratada en precario e cun salario ridículo, se lle impoña por contrato un horario de 40 horas.

A través do presente escrito lle solicitamos que remita unha circular dirixida as áreas ou servizos que teñen "contratados labora" na que se indique que teñen os mesmos dereitos que o resto do persoal, dereitos tales como os recollidos nos artigos 38, 39, 41, 42, 59, 60, 61, 62, 63, 65, 66, 67, e 69 do 1º Convenio Colectivo laboral da Universidade de Vigo, co fin de evitar calquera tipo de discriminación ou agravio comparativo.

Atentamente

Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical

ILMO. SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO